

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Secretaría Xeral

Aprobación definitiva da ordenanza municipal nº 46 de xestión de residuos domésticos do concello de Arteixo

ASUNTO: APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA MUNICIPAL Nº 46 DE XESTIÓN DE RESÍDUOS DOMÉSTICOS DO CONCELLO DE ARTEIXO.-

ANUNCIO

Téndose aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 26 de Outubro de dous mil dezasete o texto da “ORDENANZA MUNICIPAL Nº 46 DE XESTIÓN DE RESÍDUOS DOMÉSTICOS DO CONCELLO DE ARTEIXO”, e téndose publicado anuncio de exposición pública no BOP de data 31 de Outubro de 2017, sen que se presentara reclamación algunha contra o mesmo, procédese á publicación do texto íntegro para xeral coñecemento:

“ORDENANZA MUNICIPAL DE XESTIÓN DE RESIDUOS DOMÉSTICOS DO CONCELLO DE ARTEIXO

V.6 – 19.10.2017

CONTIDO

PREÁMBULO

TÍTULO PRELIMINAR. DISPOSICIÓNS XERAIS

- Artigo 1. Obxecto e réxime xurídico
- Artigo 2. Ámbito de aplicación
- Artigo 3. Competencias locais
- Artigo 4. Ámbito lexislativo
- Artigo 5. Réxime fiscal
- Artigo 6. Vixilancia e colaboración cidadá
- Artigo 7. Obrigacións xerais
- Artigo 8. Dereitos e participación dos cidadáns

TÍTULO I. XESTIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS

Capítulo I. Disposicións xerais

- Artigo 9. Residuos domésticos ou urbanos
- Artigo 10. Residuos excluídos
- Artigo 11. Depósito de residuos
- Artigo 12. Clasificación dos residuos municipais e dos produtores
- Artigo 13. Residuos municipais ordinarios
- Artigo 14. Fraccións dos residuos municipais ordinarios
- Artigo 15. Residuos municipais non ordinarios (especiais)

Artigo 16. Titularidade dos residuos

Artigo 17. Obrigas e responsabilidades dos produtores ou posuidores dos residuos

Artigo 18. Promoción da separación en orixe e separación selectiva

Artigo 19. Prohibicións

Artigo 20. Rexistro das actividades de xestión de residuos municipais

Artigo 21. Responsabilidade de xestores non autorizados

Capítulo II. Recollida dos residuos municipais ordinarios

Sección I. Servizo municipal de recollida de residuos ordinarios

Artigo 22. Recollida selectiva xeral de residuos

Artigo 23. Operacións que comprende a recollida selectiva

Artigo 24. Recollidas específicas denominadas “porta a porta”

Artigo 25. Outras recollidas específicas de residuos ordinarios

Artigo 26. Programación de servizos

Sección II. Recollida de residuos domiciliarios e de pequenos produtores

Artigo 27. Sistema de recollida en colectores de uso colectivo

Artigo 28. Localización dos colectores de uso colectivo

Artigo 29. Recollida de residuos e localización de colectores en novas urbanizacións e implantacións e solo rústico

Artigo 30. Limpeza e mantemento dos colectores de uso colectivo

Artigo 31. Presentación dos residuos ordinarios

Artigo 32. Normas de utilización dos colectores de uso colectivo

Artigo 33. Horario para o depósito de residuos en colectores de uso colectivo

Sección III. Servizo de recollida ordinaria de medianos e grandes produtores

Artigo 34. Formas de recollida para os medianos e grandes produtores

Artigo 35. Recintos para a localización de colectores de medianos e grandes produtores

Artigo 36. Normas de utilización dos colectores de uso exclusivo

Sección IV. Fomento da compostaxe

Artigo 37. Obxectivos da compostaxe

Artigo 38. Compostaxe nos fogares

Artigo 39. Zonas de compostaxe comunitaria

Capítulo III. Servizo de recollida de residuos non ordinarios (especiais)

Sección I. Disposicións xerais

Artigo 40. Concepto

Artigo 41. Condicións e clasificación dos residuos non ordinarios

Artigo 42. Formas de recollida dos residuos non ordinarios

Sección II: Puntos limpos

Artigo 43. Consideracións xerais

Artigo 44. Residuos admisibles nos puntos limpos

Artigo 45. Condicións para a entrega

Sección III: Servizo municipal especial de recollida

Artigo 46. Definición e solicitude do servizo municipal especial de recollida

Sección IV: Residuos voluminosos

Artigo 47. Concepto e clasificación

Artigo 48. Xestión dos residuos voluminosos

Sección V. Animais de compañía mortos

Artigo 49. Inclusións e exclusións

Artigo 50. Xestión dos animais domésticos mortos

Artigo 51. Disposición dos residuos de animais domésticos mortos

Artigo 52. Tratamento dos animais mortos abandonados

Sección VI. Residuos de construción e demolición de obras en xeral

Artigo 53. Residuos procedentes de obras menores de construción e de reparación domiciliaria

Artigo 54. Xestión dos residuos de obras menores

Sección IV: Outros residuos non ordinarios

Artigo 55. Residuos de poda e xardinería

Artigo 56. Pilas Usadas

Artigo 57. Residuos de aparellos eléctricos e electrónicos

Artigo 58. Medicamentos

Artigo 59. Aceites usados

Artigo 60. Têxtils

Artigo 61. Residuos sanitarios

Artigo 62. Vehículos abandonados

Artigo 63. Outras tipoloxías de residuos

TITULO III. INFRACCIÓN E SANCIÓN

Capítulo I: Disposicións xerais

Artigo 64. Responsabilidades

Artigo 65. Inspeccións

Artigo 66. Denuncias

Artigo 67. Réxime sancionador

Artigo 68. Obrigas da restauración, multas coercitivas e execución subsidiaria

Artigo 69. Traballos en beneficio da comunidade

Capítulo II: Tipificacións de infraccións

Artigo 70. Infraccións

Artigo 71. Infraccións leves

Artigo 72. Infraccións graves

Artigo 73. Infraccións moi graves

Artigo 74. Prescrición das infraccións

Capítulo III: Sancións

Artigo 75. Sancións leves

Artigo 76. Sancións graves

Artigo 77. Sancións moi graves

Artigo 78. Prescrición das sancións

Artigo 79. Gradación das sancións

Artigo 80. Potestade sancionadora

Artigo 81. Pagamento das sancións

Artigo 82. Publicidade

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA

DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA

DISPONSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA

DISPOSICIÓN FINAL

PREÁMBULO

A preocupación por unha adecuada xestión dos residuos é relativamente recente pois xorde a finais do pasado século XX, e esta orixe podería resumirse na conxunción de dous aspectos interrelacionados entre si, como son o gran impacto dunha problemática ambiental cada vez de maior entidade que se fai evidente neses anos, xunto coa modificación na percepción global das relacións ser humano-medio.

A idea preponderante que había até entón, era compatible cun desenvolvemento ilimitado onde a natureza era fonte e sumidoiro inesgotable; en particular, e moi especialmente, as urbes convertéronse paulatinamente nunhas grandes consumidoras de recursos e ao mesmo tempo nunhas grandes xeradoras de residuos. Con todo, o paradigma do nivel de desenvolvemento sintetizábase no terceto acíclico que conformaban estas accións: tomar, facer e tirar.

Esta visión, comeza a reconsiderarse, ao poñerse de manifesto continuamente toda unha serie de problemas de carácter ambiental que no seu conxunto afectan gravemente á calidade de vida de todos os seres vivos que habitan o noso planeta. Porén, ante a necesidade de vías de solución ao respecto é cando as administracións se propoñen como fundamentais para lograr a concienciación e a reforma do comportamento social de maneira que se poida restablecer o equilibrio entre o ser humano e o seu medio.

Nesta liña, a Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local, establece no seu artigo 25 que os concellos exercerán, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a xestión de residuos sólidos urbanos, declarándose ao seu favor -no artigo 86 do citado corpo legal- unha reserva expresa para a recollida, transporte e aproveitamento de residuos.

Paralelamente, a Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados e a Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia desenvolven e concretan o ámbito citado no parágrafo anterior, outorgándolle a potestade aos concellos para aprobar os seus programas e plans de xestión de residuos e as ordenanzas no marco das súas competencias.

En atención a este marco normativo, o Pleno da Corporación do Concello de Arteixo, aprobou no mes de maio de 2017 o Plan de Xestión de Residuos Municipais, recolléndose no contexto da planificación estratéxica os seguintes preceptos:

- Recollida en áreas de achega mediante modelo de 5 fraccións, que incorpora ao sistema Húmido-Seco actual, a recollida selectiva de envases lixeiros.
- Recuperación da fracción orgánica a través da recollida específica a grandes produtores, compostaxe doméstico (en áreas rurais) e compostaxe comunitario (en áreas urbanas).
- Segregación de residuos comerciais e de hostalería mediante a súa recollida específica porta a porta.
- Ensaio de recollida porta a porta de distintas fraccións de residuos en zona rural concentrada.

Do mesmo xeito, a ordenanza que aquí se presenta, ten por finalidade a de cohesión a prestación do servizo coa referida normativa sectorial e todo elo no ámbito do novo modelo de residuos que o Concello de Arteixo implementa co impulso do citado plan de xestión.

Asemade, dilucidase do global deste documento, que o Concello de Arteixo aposta definitivamente por unha sociedade do reciclado, que permita un alto nivel de eficiencia na xestión dos recursos e se atenda de pleno a obrigatoriedade legal -imposta na Lei 20/2011 de residuos e solos contaminados- que para o horizonte inmediato do 2020 se establece, na maneira de obter un reciclado mínimo do 50 % das fraccións papel, metais, vidro, plástico, biorresiduos ou outras fraccións reciclables.

Abranguendo máis polo miúdo o contido do presente texto legal, sinálase que está organizado nun título preliminar, dous títulos numerados, catro disposicións adicionais, dúas transitorias, unha derogatoria e outra final.

No Título Preliminar recóllense as disposicións xerais da ordenanza, especialmente as relativas ao obxecto, o ámbito de aplicación, as competencias locais, as obrigas xerais e as prohibicións.

O Título I dedícase propiamente á xestión dos residuos e organizase en tres capítulos.

No Capítulo I, ten relevancia a clasificación dos residuos -en ordinarios e non ordinarios- e as diferentes fraccións, aspectos estes que subordinan posteriormente moitos preceptos desta ordenanza.

A finalidade do Capítulo II é a regulación da recollida dos residuos ordinarios, diferenciando os domicilios e pequenos produtores dos medianos e grandes produtores; tamén se trata dentro deste apartado as disposicións relativas ao servizo municipal de recollida e aos aspectos relacionados coa compostaxe.

No Capítulo III, deste Título I, reúnen as disposicións relativas ao servizo de recollida dos residuos non ordinarios, cobrando especial relevancia as diversas formas de recollida, nas que cómpre salientar o punto limpo e o servizo especial de recollida; asemade este capítulo contén disposicións específicas para determinados residuos (voluminosos, animais de compañía mortos, pilas e baterías ou vehículos abandonados, entre outros).

O Título II destínase as infraccións e sancións e organízase de igual modo en tres capítulos.

No Capítulo I, agrúpanse as deposicións xerais relativas á responsabilidade, as obrigas de restauración, as multas coercitivas e a execución subsidiaria, os traballos en beneficio da comunidade e a prescrición.

O obxecto do Capítulo II é a tipificación das distintas infraccións en tres niveis: leves, graves e moi graves.

Por último dentro deste último título, o Capítulo III abrangue o réxime de sancións na que se invoca ás estipuladas na Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

As disposicións adicionais regulan os réximes especiais referentes a xustificación da xestión de residuos dos medianos e grandes produtores, a protección da saúde e prevención de riscos laborais, a xestión dos plásticos agrícolas e o marco competencial para aclarar e desenvolver os preceptos establecidos na presente Ordenanza.

As disposicións transitorias conteñen as regras que regulan de forma provisional as situacións xurídicas respecto do rexistro dos xestores de residuos municipais e tamén aos procedementos iniciados antes da entrada en vigor deste texto legal.

Coa disposición derogatoria anúlase o articulado que a Ordenanza municipal de policía, bo goberno e medidas para fomentar e garantir a convivencia cidadá no espazo público do Concello de Arteixo lle dedica á xestión dos residuos, quedando reformulados coa presente.

Por último, a disposición final establece a data de entrada en vigor desta ordenanza.

TÍTULO PRELIMINAR. DISPOSICIÓN XERAIS

Obxecto e réxime xurídico

A presente ordenanza ten por obxecto a regulación do depósito, recollida, almacenamento, transporte, valorización, tratamento e eliminación dos residuos domésticos ou urbanos, co fin de conseguir as condicións adecuadas de salubridade, benestar cidadán, pulcritude e ornato, en orde á debida protección da saúde das persoas e do ambiente, fomentando actitudes encamiñadas a manter o Concello limpo e posibilitar a prevención, a redución, a reutilización, o reciclado e outras formas de valorización dos residuos.

No exercicio das competencias municipais, a presente Ordenanza desenvolve a lexislación estatal e autonómica en materia de residuos e de réxime local, debendo en todo momento interpretarse e aplicarse de acordo coa lexislación vixente.

O réxime xurídico aplicable ás actividades e condutas reguladas nesta ordenanza estará constituído polo previsto na mesma, na lexislación estatal e autonómica aplicable na materia e, en particular, nas disposicións que se indican no artigo 4 e nas súas respectivas normas de desenvolvemento.

Ámbito de aplicación

Quedan obrigadas por esta norma todas as persoas físicas ou xurídicas que residan ou depositen residuos domésticos ou urbanos no termo municipal do Concello de Arteixo.

Competencias locais

O Concello de Arteixo é competente para a xestión dos residuos domésticos ou urbanos xerados e depositados no municipio na forma en que se establece na presente Ordenanza e nos termos previstos na lexislación de residuos estatal e autonómica e na lexislación de réxime local.

O exercicio das competencias municipais poderá facerse efectivo, ben directamente polos propios servizos municipais ou mediante calquera outra forma de xestión prevista na lexislación de réxime local e en materia de contratación.

O Concello de Arteixo poderá:

a) Aprobar no marco das súas competencias e en coordinación co Plan Nacional Marco e cos plans autonómicos de xestión de residuos, o seu propio programa ou plan de xestión de residuos e/ou o seu programa de prevención de residuos. No seu caso, o plan de xestión de residuos poderá incluír o programa de prevención de residuos.

b) Recoller os residuos comerciais non perigosos nos termos que se establecen na presente Ordenanza.

c) Recoller os residuos domésticos industriais nos termos que se establecen na presente Ordenanza.

Corresponde ao Concello de Arteixo a potestade de vixilancia, inspección e sancionadora no ámbito das súas competencias.

Ámbito lexislativo

Esta ordenanza está baseada na súa correspondente normativa básica, da cal pola súa significancia se citan as seguintes:

- Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados
- Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia
- Real Decreto 20/2017, do 20 de xaneiro, sobre os vehículos ao final da súa vida útil
- Real Decreto Lexislativo 1/2016, de 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación
- Real Decreto 710/2015, de 24 de xullo, polo que se modifica o Real Decreto 106/2008, de 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos
- Real Decreto 180/2015, de 13 de marzo, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Estado
- Decreto 38/2015, do 26 de febreiro, de residuos sanitarios de Galicia
- Real Decreto 110/2015, do 20 de febreiro, sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos
- Decreto 169/2014, do 26 de decembro, polo que se derroga o Decreto 154/1993, do 24 de xuño, polo que se aproba o réxime xurídico básico do servizo público de xestión dos residuos industriais na Comunidade Autónoma de Galicia
- Real Decreto 815/2013, do 18 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación
- Decreto 125/2012, do 10 de maio, polo que se regula a utilización de lodos de depuradora no ámbito do sector agrario na Comunidade Autónoma de Galicia
- Real Decreto 865/2010, de 2 de xullo, sobre substratos de cultivo
- Decreto 59/2009, do 26 de febreiro, polo que se regula a trazabilidade dos residuos
- Real decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición
- Real decreto 106/2008, do 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos
- Real decreto 679/2006, do 2 de xuño, polo que se regula a xestión dos aceites industriais usados
- Real decreto 252/2006, do 3 de marzo, polo que se revisan os obxectivos de reciclaxe e valorización establecidos na Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases, e polo que se modifica o Regulamento para a súa execución, aprobado polo Real decreto 782/1998, do 30 de abril
- Real decreto 228/2006, do 24 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 1378/1999, do 27 de agosto, polo que se establecen medidas para a eliminación e xestión dos policlorobifenilos, policloroterfenilos e aparellos que os conteñan
- Real decreto 1619/2005, do 30 de decembro, sobre a xestión de pneumáticos fóra de uso
- Real decreto 824/2005, do 8 de xullo, sobre produtos fertilizantes
- Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia

Réxime fiscal

Pola prestación dos servizos municipais previstos na presente Ordenanza, naqueles casos nos que así estea establecido, deberá aboarse a correspondente taxa ou prezo público nos termos regulados nas respectivas ordenanzas fiscais ou de prezos públicos.

Vixilancia e colaboración cidadá

As persoas encargadas da vixilancia nas distintas zonas do termo municipal de Arteixo nas materias obxecto da presente Ordenanza, poderán formular denuncias respecto de infraccións da mesma, poñéndoo en coñecemento do Concello de Arteixo.

Todas as persoas físicas e xurídicas da Concello de Arteixo, en relación co cumprimento desta Ordenanza, haberán de observar unha conduta encamiñada a evitar ensuciar os espazos públicos, podendo poñer en coñecemento da autoridade municipal as infraccións que presenciaren ou das que teñan un coñecemento certo.

Será responsabilidade do Concello atender as reclamacións, queixas e suxestións da cidadanía, exercendo as accións que correspondan en cada caso.

Obrigacións xerais

Os cidadáns están obrigados a:

- a) Reducir o volume dos residuos compactándoos de tal forma que se aproveite ao máximo a capacidade das bolsas e colectores.
- b) Separar e segregar os residuos e depositar os mesmos nos colectores ou puntos de recollida establecidos para o efecto de acordo coa presente Ordenanza.
- c) No seu caso, sacar os colectores á vía pública para a súa recollida polo servizo público nas horas e lugares establecidos polo concello.
- d) Cumprir cos horarios de depósito e entrega de residuos.
- e) Comunicar ao Concello ou aos axentes da autoridade a existencia de residuos abandonados na vía ou espazos públicos, tales como vehículos abandonados, mobles, animais mortos, residuos de construción e demolición, etc.

Dereitos e participación dos cidadáns

Os cidadáns, e en xeral, os produtores ou posuidores de residuos domésticos ou urbanos regulados na presente Ordenanza teñen dereito a:

- a. Recibir a prestación do servizo de recollida de residuos domésticos nos termos establecidos nesta Ordenanza.
- b. Recibir información sobre métodos de redución, reciclaxe e recuperación de residuos, así como, sobre tipos de residuos, colectores ou dispositivos para a súa xestión e destino final dos mesmos.
- c. Dispoñer das instalacións, elementos e procesos que lles permitan a separación para a reciclaxe efectiva das fraccións de residuos orgánicos (biorresiduos), papel e cartón, vidro, envases lixeiros, así como os residuos municipais non ordinarios (especiais).
- d. Coñecer os horarios, frecuencias e condicións dos servizo de recollida de residuos urbanos, así como os servizos do punto limpo e outro de similar natureza.
- e. Contar cun servizo de recollida de residuos municipais non ordinarios (especiais)
- f. Ser informados do custe económico da xestión de residuos e do uso da taxa correspondente, dos porcentaxes de recuperación e reciclaxe das distintas fraccións de residuos, así como da forma xeral de toda información de carácter ambiental referida ao ciclo integral da xestión dos residuos municipais.
- g. Realizar solicitudes, reclamacións e suxestións ao Concello en relación coa prestación do servizo.
- h. Denunciar aquelas infraccións das que se teña coñecemento ante os servizos municipais competentes.

TÍTULO I. XESTIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS

Capítulo I. Disposicións xerais

Residuos domésticos ou urbanos

Son residuos domésticos ou urbanos aqueles nos que a súa xestión recae no ámbito competencial dos Concellos, consonte a lexislación vixente.

En todo caso, son residuos domésticos ou urbanos os xerados nos fogares como consecuencia das actividades domésticas; considéranse tamén residuos domésticos os similares aos anteriores xerados en servizos e industrias.

Inclúense, tamén, no marco desta definición os residuos que se xeran nos fogares de aparellos eléctricos e electrónicos, roupa, pilas, acumuladores, mobles e efectos así como os residuos e cascallos procedentes de obras menores de construción e reparación domiciliaria.

Asemade, terán a consideración de residuos domésticos ou urbanos os residuos procedentes de limpeza de vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas e praias, os animais domésticos mortos e os vehículos abandonados.

No marco desta ordenanza entenderase como residuos domésticos ou urbanos todas as alusións que se fagan coa denominación de residuos municipais.

Residuos excluídos

1. Quedan excluídos da xestión municipal todos aqueles residuos diferentes aos definidos no artigo anterior.
2. O Concello poderá por motivos xustificadas obrigar aos seus produtores ou posuidores a xestionalos por si mesmos.

Depósito de residuos

1. Os cidadáns están obrigados á separación de residuos domésticos nos domicilios, industrias e comercios en tantas fraccións como se estableza na presente ordenanza e ao seu depósito nos colectores, lugares e horarios indicados para o efecto.

2. O Concello levará a cabo a recollida das distintas fraccións de residuos municipais a través das seguintes modalidades:

- Colectores na vía pública para cada fracción de residuos debidamente identificados.
- Puntos limpos.
- Porta a porta.
- Sistema especial de recollida.
- Outros sistemas que, no seu caso, se poidan establecer; neste senso, o Concello de Arteixo poderá implementar experiencias piloto de recollida en sectores ou contextos concretos na maneira de estudar a viabilidade e indagar unha posible extrapolación parcial ou global a todo o ámbito municipal.

Clasificación dos residuos municipais e dos produtores

1. En atención ao sistema de recollida selectiva implantado na Concello de Arteixo os residuos municipais divídense en ordinarios e non ordinarios (especiais).

2. En atención á súa orixe, divídense en domiciliarios e non domiciliarios.

3. Distínguese no marco desta ordenanza os seguintes produtores:

a. Domiciliarios e pequenos produtores: aqueles que producen os residuos de maneira xenérica no ámbito do fogar ou similar. Poderían incluírse dentro deste apartado aqueles produtores, que no marco dunha actividade económica ou profesional, xeren residuos de moi escasa cuantía ou entidade.

b. Medianos e grandes produtores: son aqueles que producen residuos municipais resultantes do desempeño dunha actividade profesional ou empresarial. Asemade, o Concello poderá incluír neste apartado aqueles produtores que sen exercer unha actividade propiamente, xeren unha cantidade de residuos importante que impida incluílos no punto anterior.

Residuos municipais ordinarios

1. Son os producidos como consecuencia da normal actividade doméstica no fogar, así como en comercios, oficinas e servizos e os producidos por outros xeradores singulares sempre que se asimilen aos producidos nos anteriores lugares, e os procedentes da limpeza viaria, espazos verdes, áreas recreativas, praias, mercados, feiras, festexos e actos similares.

2. Para a súa recollida e/ou tratamento, estes residuos deberán separarse nas fraccións residuais sinaladas no artigo seguinte.

Fraccións dos residuos municipais ordinarios

De conformidade co modelo de residuos do Concello de Arteixo, os residuos municipais ordinarios deberán separarse en orixe nas seguintes fraccións residuais para proceder á súa correcta xestión:

1. Orgánica (biorresiduos): Enténdese por tal aquela fracción dos residuos susceptible de ser tratada bioloxicamente. Comprende aqueles residuos que se producen como consecuencia da manipulación, preparación e consumo de comidas, e tamén os residuos producidos por xeradores singulares como mercados, restaurantes, supermercados, hoteis, comercios de alimentación e de produtos perecedoiros.

Inclúe, entre outros, restos de alimentos sen envases, carnes, peixes, ósos, verduras, compoñentes celulósicos, excrementos de animais domésticos, restos de poda e xardinería, pelo, e papeis ou cartóns impregnados de fluídos orgánicos.

2. Papel e cartón: Comprende, entre outros, o papel impreso de xornais e revistas, o papel para escritura e de computador, caixas, envases e embalaxes compostos por estes materiais. Non se inclúen nesta fracción o papel moeda nin o celulósico de uso sanitario.

3. Vidro: Inclúe os residuos de envases deste material, tales como botellas, tarros, botes e outros, todos eles baleiros e sen tapas, cortizas ou tapóns. Non se inclúen nesta fracción os cristais planos nin cerámicas.

4. Envases lixeiros: Considérase envase lixeiro todo produto fabricado con materiais de calquera natureza e que se utilice para conter, protexer, manipular, distribuír e presentar alimentos, bebidas e outras mercadorías, desde materias primeiras, ata artigos acabados, en calquera fase da cadea de fabricación, distribución e consumo. Tamén se consideran envases todos os artigos desbotables utilizados con esta mesma finalidade. Neste concepto inclúense unicamente os envases de venda primarios, os envases colectivos ou secundarios e os envases de transporte terciarios. Dentro deste grupo, os envases lixeiros, son aqueles envases que como característica común teñen unha baixa relación peso/volume. Está fundamentalmente constituída por botellas e botes de plástico, plástico filme, latas e brics, cartón para bebidas ou outros envases mixtos.

5. Resto: Comprende a fracción resultante dos residuos domésticos ou urbanos que non pode ser segregado nas fraccións anteriores e tampouco teñen a consideración de residuos non ordinarios (especiais).

Residuos municipais non ordinarios (especiais)

1. Constitúen esta categoría aqueles residuos municipais que, debido á súa composición, cantidade ou volume, características ou natureza, dificultan ou imposibilitan a segregación, manipulación ou valorización convencionais, independentemente de cal sexa o lugar en que se orixinen. Porén, esixen unha xestión diferenciada porque poden comprometer a recuperación doutras fraccións, ou comportar un risco para o medio ambiente ou a saúde das persoas.

Titularidade dos residuos

1. Para todos os efectos, os residuos municipais terán sempre un titular responsable, podendo ser esta en calidade de produtor, posuidor ou xestor dos mesmos.

2. Unha vez entregados os residuos para a súa xestión de conformidade coas prescricións contidas nesta Ordenanza e demais normativa aplicable, o Concello adquire a propiedade sobre os mesmos quedando os produtores, posuidores ou xestores exentos de responsabilidade polos danos que tales residuos puidesen causar.

Obrigas e responsabilidades dos produtores ou posuidores dos residuos

1. Os produtores ou posuidores de residuos municipais cuxa xestión obrigatoria corresponda ao Concello están obrigados a poñelos á súa disposición para proceder á súa reciclaxe, valorización ou eliminación e ao pago das correspondentes taxas ou outros tributos de conformidade coas correspondentes Ordenanzas Fiscais.

2. Mentres se atopen no seu poder, os posuidores de residuos domésticos ou urbanos están obrigados a almacenalos nas debidas condicións de seguridade e hixiene, tales que non supoñan ningún risco ou produzan molestias por cheiros, proliferación de insectos, lixiviados, dispersións ou calquera outra causa, cumprindo coa lexislación sanitaria correspondente.

3. Para os efectos da súa correcta xestión e, no seu caso, recollida selectiva, os produtores ou posuidores de residuos municipais deberán separar en orixe as fraccións residuais sinaladas no artigo 14 e os residuos non ordinarios aos que alude o artigo 15.

4. Os posuidores de residuos municipais, cuxa xestión obrigatoria corresponda ao Concello, no caso de entregalos a un terceiro non autorizado por este serán responsables solidarios con ese terceiro de calquera prexuízo que puidese derivarse. Así mesmo, responderán solidariamente ás sancións que se puidesen impoñer.

5. Dos danos que se produzan nas distintas operacións de xestión como consecuencia de mala fe na entrega dos residuos ou de falta de información sobre as características dos produtos entregados, será responsable o produtor ou o axente que efectuase a entrega.

Promoción da separación en orixe e separación selectiva

1. O Concello promoverá a colaboración cidadá para a óptima separación en orixe e recollida selectiva de residuos municipais mediante campañas informativas e divulgativas, dirixidas tanto á poboación en xeral como a axentes sociais representativos (sectores empresariais representativos, colexios, institucións, asociacións veciñais, comunidades de propietarios, etc.).

2. Así mesmo, o Concello elaborará guías de boas prácticas dirixidas tanto ao público en xeral como a sectores de actividade representativos.

3. O Concello promoverá o consumo de produtos fabricados con materiais reutilizables e reciclables e fomentaraos na contratación pública de obras e subministracións.

Prohibicións

No marco desta ordenanza establécense as seguintes prohibicións:

1. Prohibicións xerais:

a. Abandonar, depositar, verter ou eliminar residuos en todo o termo municipal (na vía pública, marxes dos ríos, praias, estradas ou camiños e solares públicos ou privados) de forma incontrolada e con incumprimento dos preceptos recollidos nesta Ordenanza.

b. Situar vehículos ou outros elementos diante dos colectores situados en vía pública ou de forma que se impida a súa recollida polos operarios do servizo de recollida.

c. Mover ou trasladar os colectores do seu emprazamento e manipular os elementos de suxeición dos mesmos ou as súas placas de identificación.

d. Pegar, adherir ou fixar calquera tipo de cartelería, adhesivo, material publicitario ou calquera outro elemento nos colectores.

e. Manipular os residuos despois de que fosen depositados nos colectores ou na vía pública nas modalidades de recollida que se realicen directamente sobre ela (recollida de voluminosos, porta a porta de cartón comercial, etc..) ou romper ou abrir as bolsas de lixo, así como calquera outro acto que poida motivar a caída e diseminación dos residuos pola vía pública.

f. Evacuar calquera tipo de residuos (sólido ou líquido) na rede de sumidoiros ou á canle pública, así como instalar trituradoras de residuos conectados á rede de saneamento. En todo caso, esta acción queda supeditada ao establecido na Ordenanza nº 41, de verteduras e do servizo municipal de saneamento do Concello de Arteixo

g. Incinerar residuos en todo o territorio municipal, coa excepción daquelas instalacións ou eventos autorizados. Non estarán permitidos os cremadores ou incineradores domésticos. Exceptúanse deste precepto, as queimas de restos agrícolas e forestais regulados na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

2. Presentación dos residuos e emprego dos colectores:

Queda expresamente prohibido:

a. Depositar bolsas ou residuos soltos fóra dos colectores e/ou na vía pública. Os residuos soltos de escasa entidade depositaranse nas papeleiras.

b. Depositar residuos ordinarios sen separar nas correspondentes fraccións e/ou en colectores ou receptáculos distintos aos asignados para cada fracción ou en colectores dispostos en vía pública para outra clase de residuos (de xardíns, obras, etc.).

c. Depositar residuos ordinarios en colectores non homologados polo Concello.

d. Depositar residuos en colectores asignados para uso exclusivo salvo polo titular dos mesmos.

e. Introducir nos colectores residuos voluminosos do fogar, animais de compañía mortos, residuos de construción e demolición, así como todos aqueles que poidan producir avarías no sistema mecánico dos vehículos de recollida ou danos ao colector.

f. Depositar nos colectores situados en vía pública algún dos residuos definidos como especiais no marco desta Ordenanza.

g. Depositar residuos líquidos, ou susceptibles de licuarse, que poidan producir lixiviación nos colectores ou na vía pública, nin materiais en combustión ou que conteñan elementos inflamables, explosivos, nocivos, perigosos.

h. Depositar residuos de papel-cartón na vía pública, salvo no caso dos establecementos adheridos ao sistema de recollida comercial.

i. Depositar residuos nos colectores sen bolsa, ou no interior de caixas ou paquetes ou a granel.

3. Medianos e grandes produtores de residuos

Son prohibicións para os medianos e grandes produtores as seguintes:

a. A colocación e retirada dos colectores de uso exclusivo en horarios distintos aos previstos ou establecidos.

b. Utilizar colectores que non contén con placa de numeración identificativa para o depósito das distintas fraccións. Estes colectores serán retirados da vía pública polo servizo municipal, sen prexuízo das sancións que correspondan.

c. Empregar colectores de uso exclusivo dos que non sexa titular.

d. A utilización de colectores de uso colectivo por parte de medianos e grandes produtores.

4. Residuos de construción, demolición e obras menores

Prohíbese expresamente o depósito directo, abandono e vertedura dos residuos de construción e demolición e de obras en xeral en:

a. A vía pública, marxes dos ríos, estradas ou camiños, solares e terreos públicos que non fosen expresamente autorizados para tal finalidade. As provisións de materiais de obra e almacenamentos temporais de materiais ou elementos mecánicos destinados á obra en calquera destes lugares deberán estar, así mesmo, expresamente autorizados e as súas correspondentes taxas fiscais abonadas.

b. Terreos de propiedade particular, excepto nos casos nos que o seu propietario ou posuidor dispoña da obrigada autorización emitida pola autoridade competente, que deberá acreditarse ante o Concello. A falta de autorización, os propietarios ou posuidores responderán solidariamente cos causantes dos danos que o depósito, abandono ou vertedura destes residuos poidan producir ao medio ambiente ou que menoscaben a hixiene ou ornato público.

5. Animais de compañía

En relación cos animais de compañía prohibese o seguinte:

- a. Abandonar ou depositar cadáveres ou restos de animais na vía pública, solares e calquera clase de terreo público ou privado.
- b. Depositarse cadáveres de animais nos colectores de residuos ou nos de obras, e nas súas proximidades, así como nas papeleiras.
- c. Incinerar a título particular cadáveres de animais.

Rexistro das actividades de xestión de residuos municipais

1. As persoas físicas ou xurídicas que realicen habitualmente no termo municipal operacións de recollida, transporte, almacenamento e/ou tratamento de residuos municipais cuxa xestión non teña a consideración de obrigatoria para o Concello, ou que sendo obrigatoria fosen expresamente autorizadas, así como as que se dediquen á recollida e transporte de colectores de obras deberán estar inscritas no Rexistro de Xestores de Residuos Municipais.

2. Dita inscrición realizarase en consonancia cos rexistros que a administración autonómica teña implantados para tal fin; a este respecto, o Concello promoverá a colaboración con dita a administración para ter actualizado o citado rexistro municipal.

3. A actividade administrativa de inscrición no Rexistro levará aparellada o pago da taxa fiscal de conformidade coa Ordenanza Fiscal correspondente. Poderanse conceder exencións ou bonificacións fiscais para as empresas que acrediten unha antigüidade no servizo de máis de cinco anos no termo municipal, de conformidade co disposto nas correspondentes Ordenanzas Fiscais.

4. As empresas inscritas comunicarán ao Concello no mes de xaneiro, a cantidade ou peso dos residuos xestionados o ano anterior en función da súa tipoloxía.

5. As persoas físicas ou xurídicas que, con anterioridade á entrada en vigor desta Ordenanza, veñan realizando actividades de xestión de residuos deberán de presentar a solicitude de inscrición de conformidade co disposto na disposición transitoria primeira desta ordenanza.

Responsabilidade de xestores non autorizados

1. Queda prohibida no termo municipal a realización de calquera actividade de xestión de residuos municipais que non conste debidamente inscrita no Rexistro de Xestores de Residuos Municipais ou que non fose, no seu caso, expresamente autorizada, podendo o Concello, con independencia das sancións que puidesen derivarse, retirar ou ordenar retirar, á conta do titular, todo colector ou elemento similar situado en vía pública.

Capítulo II. Recollida dos residuos municipais ordinarios

Sección I. Servizo municipal de recollida de residuos ordinarios

Recollida selectiva xeral de residuos

1. A recollida selectiva é un servizo municipal de prestación obrigatoria; para tal fin, utilizaranse os medios adecuados para garantir a recollida óptima e segregada de cada unha das fraccións depositadas selectivamente pola cidadanía.

2. A frecuencia da recollida será a seguinte:

- Áreas de aportación multifracción: todos os días da semana e do ano, exceptuándose os domingos.
- Áreas de aportación sinxela: dous días á semana

A frecuencia para outras formas de recollida (recollidas porta a porta ou recollidas de colectores de uso exclusivo de medianos e grandes produtores) definirase polo Concello segundo os preceptos de esta ordenanza.

3. A recollida das fraccións de papel/cartón, vidro e envases lixeiros e os colectores das áreas de aportación sinxela será, preferentemente diúrna e das fraccións orgánico e resto das áreas de aportación multifracción, preferentemente nocturna, e realizarase antes de que os colectores se enchan por completo; non obstante, o Concello programará a recollida en función das necesidades.

Operacións que comprende a recollida selectiva

O servizo municipal de recollida selectiva leva a realización das seguintes actuacións:

- a. Traslado e baleirado dos colectores de cada fracción nos vehículos de recollida.
- b. Devolución dos colectores, unha vez baleiros, aos puntos orixinais, debidamente colocados, coa apertura de tapa ou cara ao interior da beirarrúa e debidamente suxeitados ou ancorados.

- c. Retirada dos restos vertidos en vía pública como consecuencia destas operacións.
- d. Transporte e descarga dos residuos nas plantas de tratamento ou outro lugar ou instalación designada polo Concello.
- e. Mantemento, lavado e reposición dos colectores e outros puntos de recollida municipal, con excepción daqueles colectores que sexan de uso exclusivo.
- f. Mantemento, lavado e reposición dos vehículos de recollida.

Recollidas específicas denominadas “porta a porta”

Co fin de alcanzar as maiores cotas de reciclaxe para as diversas fraccións e tamén, co gallo de facilitar a separación en orixe, o Concello poderá implementar a recollida porta a porta para a totalidade das fraccións ordinarias, atendendo aos seguintes condicionantes:

- a. Os residuos deberán depositarse separados selectivamente nas fraccións establecidas para os residuos ordinarios, en cubos ou colectores autorizados polo Concello, procurando que a cantidade introducida non dificulte a recollida aos operarios do servizo.
- b. A recollida efectuarase polo Concello nos propios establecementos, locais ou centros que xeren os residuos e nun horario que permanezan abertos de forma que os cubos ou colectores sexan dispostos para a súa recollida por parte do persoal do establecemento, local ou centro, devolvéndose ao interior inmediatamente despois de realizado o servizo.
- c. Os establecementos, locais, ou centros facilitarán a entrega dos residuos e vixiarán que se realiza unha separación selectiva correcta; no caso de que incumpra esta condición, os residuos poderán ser rexeitados, correndo por cargo do produtor/posuidor dos residuos a xestión dos mesmos, á marxe da súa responsabilidade na comisión dalgunha infracción tipificada nesta ordenanza.
- d. O peso máximo dos cubos/colectores/recipientes que se empreguen nesta modalidade de recollida non excederá os 25 quilos.
- e. O Concello poderá establecer para cadanseu establecemento, local ou centro as directrices específicas que considere para a optimización do servizo.

Outras recollidas específicas de residuos ordinarios

O Concello poderá establecer, directamente ou como resultado da firma de convenios de colaboración, recollidas específicas para xeradores singulares.

Programación de servizos

O Concello fará pública e divulgará coa suficiente antelación calquera modificación relativa á frecuencia, horario ou forma de prestación dos distintos servizos de recollida municipais, fóra das disposicións ditadas pola Alcaldía en casos de emerxencia.

Sección II. Recollida de residuos domiciliarios e de pequenos produtores

Sistema de recollida en colectores de uso colectivo

1. Para proceder á recollida das distintas fraccións de residuos ordinarios domiciliarios e de pequenos produtores será obrigatorio o seu previo depósito en colectores de uso colectivo situados nas áreas de aportación que se distribuirán estratexicamente polo termo municipal. Cada fracción deberá depositarse nos colectores específicos destinados para tal efecto, tal e como se dispón no punto seguinte.

2. Distínguense dous tipos de áreas de aportación dos residuos:

- Área de aportación multifracción

Estas áreas sitúanse en zonas de alta densidade de poboación ou naquelas, que sen cumprir esta previsión, poidan ter unha localización estratéxica para o seu uso por parte dos usuarios. Estarán constituídas polos 5 colectores que a continuación se detallan e que se corresponden coas fraccións de separación selectiva definidas nesta ordenanza para os residuos ordinarios:

- Colector de tapa marrón: destinado a recollida da fracción orgánica (biorresiduos)
- Colector de tapa azul: destinado a recollida de papel e cartón
- Colector de tapa verde: destinado a recollida do vidro
- Colector de tapa amarela: destinado a recollida de envases lixeiros
- Colector de tapa gris: destinado a recollida da fracción resto

- Área de aportación sinxela

Estarán situadas en zonas de poboación dispersas, contorna de vivendas e edificacións illadas ou naquelas zonas que por razóns de operatividade, espazo ou eficiencia non permitan a colocación de áreas de aportación multifracción. Estarán constituídas por un único colector tal e como se sinala a continuación:

- Colector de corpo e tapa gris: destinado a recollida da fracción resto

3. Sen prexuízo do sinalado neste artigo, o Concello, atendendo a circunstancias urbanísticas, de minimización do impacto visual ou organizativas, poderá articular outros sistemas de recollida de residuos para as fraccións sinaladas segundo zonas concretas do termo municipal. Unha vez implantados, estes sistemas adquirirán a condición de servizo de utilización obrigatoria para os veciños nos lugares nos que se implanten. O Concello ditará as normas complementarias a esta ordenanza que sexan precisas para regular as condicións nas que o Concello debe prestar o servizo e o usuario debe empregar estes sistemas.

4. Así mesmo, o Concello poderá ampliar a tipoloxía de colectores sinalada neste artigo para a separación en orixe e depósito doutras fraccións específicas de residuos ordinarios.

Localización dos colectores de uso colectivo

1. O Concello será o único competente para proceder á instalación de colectores en vía pública e determinará o número, volume e localización dos mesmos, conxugando aspectos de proximidade aos usuarios e operatividade e eficiencia do sistema de recollida. Estas consideracións realizaranse a partir dos estudos de viabilidade e as lóxicas indicacións e suxestións recibidas tanto do servizo de recollida, dos propios usuarios e dos Sistemas Integrados de Xestión.

2. A localización das áreas de aportación realizarase de tal modo que, sen alterar en exceso a estética da contorna, non dificulten o tráfico nin as manobras de aparcadoiro dos vehículos e ocupando a mínima superficie posible.

3. Todos os colectores convencionais dispoñerán de sistemas de ancoraxe homologados que impidan a mobilidade e o desprazamento dos mesmos por inclemencias meteorolóxicas ou outras causas non xustificadas. Os sistemas de suxeición só poderán ser retirados no momento da recollida dos colectores por parte da concesionaria do servizo; en calquera outra circunstancia deberase contar coa autorización expresa do Concello.

Recollida de residuos e localización de colectores en novas urbanizacións e implantacións e solo rústico

1. A recollida de residuos e localización de colectores en novas urbanizacións realizarase de acordo a unha das seguintes situacións:

a. Para a aprobación de proxecto de obras de urbanización derivadas da transformación do solo urbanizable ou urbano no consolidado, o proxecto de urbanización contemplará tanto a situación dos colectores como o seu número e tipoloxía, sendo preceptivo que o departamento responsable do servizo de recollida de residuos emita informe ao respecto no prazo de 10 días hábiles. A ampliación do número de colectores e as obras que se precisen para a súa implantación correrán a cargo do promotor das obras.

b. No solo urbano consolidado, no caso de producirse un aumento do aproveitamento urbanístico superior ao 30% tanto en edificabilidade como en valor por cambio de uso implicará a necesidade de novas dotacións públicas e polo conseguinte o reforzo dos servizos urbanísticos existentes; este reforzo será indicado polo departamento responsable do servizo de recollida de residuos o cal emitirá informe ao respecto no prazo de 10 días hábiles. A ampliación do número de colectores e as obras que se precisen para a súa implantación correrán a cargo do promotor das obras.

c. Para o outorgamento de licencias de obras en solo urbano consolidado que precisen de proxecto de obras ordinarias de urbanización, que excedan da reposición e renovación das existentes, será preceptivo que o departamento responsable do servizo de recollida de residuos emita informe ao respecto no prazo de 10 días hábiles. A ampliación do número de colectores e as obras que se precisen para a súa implantación correrán a cargo do promotor das obras.

2. As actuacións de edificación que non precisen proxecto de obras ordinarias de urbanización do parágrafo anterior non están suxeitas as exixencias do mesmo e, en consecuencia, de informe previo en materia de recollida de residuos

3. Para o outorgamento de licencias de obras e autorizacións para a implantación de actividades permitidas en solo rústico, será preceptivo que o departamento responsable do servizo de recollida de residuos emita informe ao respecto no prazo de 10 días hábiles. A ampliación do número de colectores e as obras que se precisen para a súa implantación correrán a cargo do promotor das obras.

Limpeza e mantemento dos colectores de uso colectivo

1. O Concello realizará as labores de limpeza, conservación e mantemento dos colectores de uso colectivo, dos seus elementos de suxeición e dos espazos que ocupan.

2. O Concello lavar, desincrustar e desinfectar periodicamente os colectores de uso colectivo, co fin de eliminar a sucidade das estruturas e os malos cheiros. Procederá tamén á eliminación da publicidade e pintadas.

3. Nos casos demostrados de fin de vida útil dos elementos ou desaparición, falta ou deterioración grave dalgún dos mesmos como rodas, tapas ou suxeicións, estes serán repostos con moita brevidade por parte do Concello.

Presentación dos residuos ordinarios

1. Os residuos correspondentes ás fraccións orgánica e resto entregaranse e depositaranse nos colectores sempre en bolsas de plástico, debidamente pechadas e consistentes, co fin de evitar a dispersión dos mesmos e as verteduras á vía pública e procurando evitar danos ou feridas ao persoal que os manexe.

2. Os residuos das fraccións de papel-cartón, vidro e envases lixeiros deberán depositarse de maneira unitaria, e sen bolsa, nos colectores dispostos para tal fin ou nos puntos de achega determinados para o servizo de recollida comercial. O papel-cartón depositarase encartado ou dobrado e os envases de vidro e envases lixeiros baleiros e sen tapas.

Normas de utilización dos colectores de uso colectivo

1. Deberán observarse as seguintes normas de uso:

a. Para cada fracción de residuos ordinarios, utilizarase o colector correspondente.

b. Utilizaranse os colectores máis próximos ao lugar de produción. Se un colector se atopase cheo, os residuos depositaranse noutro colector máis próximo para idéntica fracción de residuos, evitando os desbordamentos.

c. En xeral, os residuos de gran tamaño cortaranse en anacos, compactarán e/ou encartarán para que ocupen o menor volume posible antes de depositalos no colector correspondente.

d. O Servizo Municipal de Limpeza depositará os residuos de limpeza manual de rúas e baleirado de papeleiras no colector da fracción resto, salvo os restos de follas e vexetación, que deberán depositarse nos colectores específicos destinados a tal fin.

e. Cumprir cos horarios de depósito establecidos nesta Ordenanza.

f. No caso de que o colector conte con tapa, esta deberase pechar despois de depositar os residuos; nunca deberá deixarse aberta, evitando así a dispersión de residuos e a entrada de auga ou alimañas.

Horario para o depósito de residuos en colectores de uso colectivo

1. As fraccións orgánica (biorresíduos), envases lixeiros, vidro, papel e cartón e resto poderán depositarse a calquera hora do día nos colectores específicos dispostos na vía pública para este fin. Non obstante, o Concello poderá, por motivos xustificadas, restrinxir a un horario concreto algunha ou todas as fraccións de residuos ordinarios definidos.

2. Os establecementos comerciais e os establecementos de hostalería e restauración adheridos ao sistema de recolleita porta a porta, así como os centros colaboradores, deberán depositar estas fraccións segundo os días, horarios e forma establecidos ou acordados para estas modalidades de recollida.

3. O Concello poderá establecer horarios especiais en virtude de convenios de colaboración con determinados sectores ou colectivos.

Sección III. Servizo de recollida ordinaria de medianos e grandes produtores

Formas de recollida para os medianos e grandes produtores

1. Os medianos e grandes produtores deberán depositar os seus residuos en colectores de uso exclusivo ou particular para as fraccións orgánicas e resto. Se por motivos xustificadas se estimara inviable o emprego de colectores (falta de espazo, problemas de operatividade ou similar) ou non se cumprira co disposto no artigo seguinte, a retirada destas dúas fraccións realizarase mediante a recollida porta a porta.

2. Para o resto das fraccións ordinarias -vidro, envases lixeiros e papel e cartón- o sistema de recollida será o de porta a porta.

3. Os medianos e grandes produtores non poderán empregar os colectores situados na vía pública destinados á recollida ordinaria.

Recintos para a localización de colectores de medianos e grandes produtores

1. Os hoteis, grandes superficies comerciais, mercados, centros sanitarios de nova construción e, en xeral, calquera gran produtor, están obrigados a dispoñer de recintos propios para a localización de colectores no interior da súa instalación como requisito para a obtención das correspondentes licenzas urbanísticas.

2. As características mínimas destes recintos, as obrigacións dos seus titulares e a determinación das áreas de aportación serán as definidas polo Concello.

Normas de utilización dos colectores de uso exclusivo

1. Deberán observarse as seguintes normas de uso:
 - a. Cumprir os horarios de colocación e retirada na vía pública e acceso a recintos.
 - b. Para a súa recollida polos servizos municipais colocaranse na beirarrúa, o máis preto posible do bordo e procurando non entorpecer o tránsito de persoas ou automóbiles.
 - c. Cumprir cas labores de lavado e limpeza.
 - d. Manipularlos de forma que non se produzan deterioracións graves.
 - e. Observar as prescricións contidas no artigo 31 (presentación dos residuos ordinarios).
 - f. Observar as normas de uso establecidas nos apartados a), c) e f) do artigo 32.1 (utilización de colectores de uso colectivo).
 - g. Deixar en perfectas condicións de limpeza a superficie da vía pública ocupada polos colectores.

Sección IV. Fomento da compostaxe

Obxectivos da compostaxe

Atendendo ao principio ambiental de solución dos problemas, preferentemente en orixe, o Concello de Arteixo, fomentará a implementación de sistemas de compostaxe; os obxectivos que se persiguen con esta acción son os seguintes:

- Pechar o ciclo da materia orgánica, ao dar valor ao residuo como recurso.
- Reducir o transporte da fracción orgánica a planta de tratamento.
- Empregar o compost producido como abono no canto doutros abonos químicos o que redundara nunha mellora da fertilidade, estrutura e funcionalidade da terra.
- Sensibilizar e formar a cidadanía con respecto ao medio ambiente xa que cada persoa participa no proceso de xestión dos residuos que ela mesma xera.
- Promover a participación cidadá, tanto no planto individual como no colectivo.

Compostaxe nos fogares

1. O Concello promoverá a compostaxe naqueles fogares que reúnan as condicións para desenvolver esta actividade e que poidan dar cumprimento aos obxectivos establecidos no artigo anterior.
2. Paralelamente, o Concello poderá realizar campañas de formación específicas entre a poboación co obxecto de lograr un bo desempeño da compostaxe.
3. Asemade, o Concello de Arteixo poderá facilitar os medios necesarios e apoio técnico as persoas que asistan a esas campañas de formación e acrediten coñecementos para desempeñar a compostaxe de maneira eficiente, eficaz e segura.

Zonas de compostaxe comunitaria

1. Nas zonas que se determinen, o Concello de Arteixo poderá habilitar zonas de compostaxe comunitaria para o tratamento dos residuos susceptibles de ser compostados.
2. Os usuarios destas zonas deberán observar as normas de uso que se establezan para cada zona, especialmente no referente a materiais compostables, formas nas que se debe facer o depósito e os horarios de uso da zona.

Capítulo III. Servizo de recollida de residuos non ordinarios (especiais)

Sección I. Disposicións xerais

Concepto

Constitúen esta categoría aqueles residuos domésticos ou urbanos que, debido á súa composición, cantidade ou volume, características ou natureza, dificultan ou imposibilitan a segregación, manipulación ou valorización convencional, independentemente de cal sexa o lugar en que se orixinen. Porén, esixen unha xestión diferenciada porque poden comprometer a recuperación doutras fraccións, ou comportar un risco para o medio ambiente ou a saúde das persoas.

Condicións e clasificación dos residuos non ordinarios

Deberán cumprir algunha das seguintes condicións:

1. Que existan plans ou programas de xestión especificamente deseñados para dar unha resposta apropiada ás peculiaridades dese residuo en particular.

2. Que, aínda non existindo plans ou programas de xestión específicos, correspóndese con residuos de especial significación en atención ao sistema de tratamento ao que se acolle o Concello de Arteixo e cuxa xestión non é posible a través da súa inclusión nalgunha das fraccións residuais previstas para os residuos ordinarios.

3. Que a súa xestión se realice conxuntamente con residuos non pertencentes á categoría dos residuos domésticos ou urbanos ordinarios e de acordo á planificación para aqueles prevista.

Atópanse nesta categoría os seguintes residuos:

- Residuos de obras menores de construción e reparación domiciliaria
- Mobles e efectos de liña branca e liña marrón
- Animais domésticos de compañía mortos
- Vehículos abandonados
- Pneumáticos
- Baterías esgotadas
- Residuos de aparellos eléctricos e electrónicos
- Aceites usados
- Cristais planos
- Palés de madeira
- Chatarras
- Alimentos envasados caducados
- Pilas (Inclúe as pilas normais e de botón de calquera composición), acumuladores e baterías
- Teléfonos móbiles
- Roupa usada e téxtiles en xeral
- Residuos sanitarios da Clase II producidos en centros sanitarios, clínicas, hospitais, laboratorios e establecementos análogos
- Medicamentos caducados e residuos de envases de medicamentos
- Envases de produtos fitosanitarios
- Residuos de actividades portuarias
- Residuos urbanos catalogados como perigosos do fogar: fluorescentes, radiografías, envases de pinturas, vernices, disolventes, sprays, tóneres de impresora, filtros de aceite e outros.

4. A lista sinalada no punto anterior poderá ser ampliada xustificadamente a outros residuos cuxa xestión sexa de competencia municipal.

Formas de recollida dos residuos non ordinarios

A recollida dos residuos especiais realizarase por algunha das seguintes canles:

- Punto limpo
- Servicio especial de recollida
- Colectores específicos na rúa (distintos aos da recollida ordinaria)
- Colectores situados en establecementos, locais ou centros
- Calquera outra canle que se defina por parte do Concello

Sección II: Puntos limpos

Consideracións xerais

1. Os puntos limpos son instalacións municipais gratuítas destinadas fundamentalmente ao depósito de determinadas tipoloxías de residuos municipais (de carácter non ordinario), que pode ser empregado pola poboación en xeral de forma voluntaria.

2. O número e a localización dos puntos limpos é competencia do Concello, que terá en conta para iso os correspondentes estudos de viabilidade e funcionalidade dos mesmos.

3. A xestión dos puntos limpos será realizada polo Concello de Arteixo.

4. Os residuos non ordinarios a depositar provirán exclusivamente do ámbito domiciliario ou de pequenos produtores, non estando permitida a súa utilización para residuos non ordinarios de medianos ou grandes produtores –salvo excepcións contempladas nesta ordenanza-, que deberán xestionar estes residuos de conformidade coa normativa vixente, en especial á referida a residuos perigosos.

5. En ningún caso nos puntos limpos se entregaran aos seus usuarios xustificantes de entrega de residuos.

Residuos admisibles nos puntos limpos

Serán admisibles nos puntos limpos os seguintes residuos, debidamente separados e segundo as seguintes cantidades máximas estimativas por persoa e visita:

- Residuos perigosos do fogar (disolventes, pinturas, sprays, radiografías, restos de medicamentos, termómetros): 5 unidades de cada tipoloxía

- Fluorescentes: 4 unidades

- Residuos voluminosos de liña marrón (colchóns, somieres, mobiliario e aveños de uso común): 2 unidades de cada tipoloxía

- Residuos voluminosos de liña branca (frigoríficos, lavadoras e electrodomésticos de grandes dimensións): 1 unidade de cada tipoloxía

- Teléfonos móbiles (3 unidades), computadores e, en xeral, aparellos electrónicos (1 unidade de cada tipoloxía)

- Cascellos de obras menores domiciliarias (4 sacos)

- Restos de podas e segas domésticas: 960 litros (equivalente á capacidade de catro colectores verdes situados en vía pública)

- Pilas, acumuladores e baterías (sen límite)

- Baterías de automóbiles: 1 unidade

- Aceite vexetal de cociña e aceite de automoción: 10 litros

- Filtros de aceite: ata 2 unidades

- Palés de madeira: ata 2 unidades

- Roupa e téxtiles: ata 2 bolsas

- Cristais planos, xanelas e lámpadas (1 bolsa de lixo domiciliario), parabrisas (1 unidade)

- Pneumáticos de vehículos: ata 4 unidades

- Chatarras (1 saco)

- Plásticos e grandes embalaxes (ata 6 sacos)

Para os efectos deste artigo enténdese por saco aquel que pode ser cargado por unha única persoa sen axuda.

A tipoloxía de residuos sinalados poderá ser ampliada polo Concello en función da demanda cidadá.

Condições para a entrega

1. O traslado correrá a cargo do produtor ou posuidor, que poderá levar o automóbil ata o colector de depósito.

2. Os residuos non deberán estar mesturados entre si nin con residuos ordinarios.

3. O Concello, por razóns xustificadas e debidamente documentadas no libro de incidencias da instalación, pode restrinxir o depósito de residuos.

4. O depósito dos residuos será realizado polo propio usuario das instalacións, segregando as fraccións nos colectores situados e identificados para o efecto.

5. A reiteración na utilización do punto limpo levará unha análise por parte do Concello, a fin de determinar unha utilización inadecuada.

Sección III: Servizo municipal especial de recollida

Definición e solicitude do servizo municipal especial de recollida

1. Co gallo de facilitar a recollida dos residuos non ordinarios (especiais) á veciñanza, o Concello poñerá a disposición un servizo municipal especial de recollida.

2. A solicitude de calquera dos servizos municipais especiais de recollida deberá facerse telefonicamente ou por calquera outro medio de comunicación que o Concello teña a disposición para tal fin; nesta comunicación deberase realizar unha descrición dos residuos que desexa que retire dito servizo.

3. Atendendo a aspectos de operatividade, o Concello poderá graduar a cantidade ou volume dos residuos por servizo realizado.

4. Corresponde ao usuario do servizo depositar os residuos no lugar que o Concello lle indique, respectando as datas, horarios e outras condicións que se establezan.

5. Calquera posuidor destes residuos que desexe utilizar o servizo, deberá chamar ao Concello sinalando o seu nome, domicilio e teléfono de contacto

Sección IV: Residuos voluminosos

Concepto e clasificación

1. Enténdense por tales os residuos municipais integrados por electrodomésticos, mobles, colchóns, somieres e trastes vellos provenientes das actividades domésticas de reparación ou substitución do equipamento da vivenda e que polo seu tamaño ou características morfolóxicas especiais non poden ser retirados polo servizo de recollida ordinaria, sendo necesario un servizo de recollida específico.

2. Clasifícanse en:

- Voluminosos de liña branca: lavadoras, lavalouzas, frigoríficos, televisores e similares.
- Voluminosos de liña marrón: colchóns, somieres, sofás, armarios e demais mobiliario e fornitureira.

Xestión dos residuos voluminosos

1. As persoas que desexen desprenderse de residuos domésticos voluminosos poden facer uso de:

- a. Os puntos limpos, gratuitamente, nos horarios de atención ao público.
- b. Mediante o servizo especial de recollida de voluminosos regulado consonte as estipulacións establecidas no artigo seguinte, e que implica a recollida destes residuos na vía pública.

2. Queda expresamente prohibido o depósito destes residuos en vía pública sen comunicación oportuna, e previa confirmación do depósito tal e como se dispón no artigo seguinte. Tal feito será considerado como falta grave.

Sección V. Animais de compañía mortos

Inclusións e exclusións

1. Serán considerados residuos municipais non ordinarios os cadáveres ou restos de animais de compañía, das especies canina e felina, así como doutras especies que vivan xeralmente no fogar co obxecto de ser posuídos polo home para servir de recreo e como compañeiros.

2. Quedan excluídos da presente Ordenanza os cadáveres ou restos de animais mortos procedentes de vaquerías, cortellos, cuadras e currais de gando e aves; nestes casos, os seus propietarios ou posuidores están obrigados a xestionalos de conformidade co disposto na normativa autonómica correspondente.

Xestión dos animais domésticos mortos

1. Os propietarios dos animais de compañía poden proceder a súa eliminación mediante o enterramento controlado, atendendo para elo aos condicionamentos e requisitos que se establecen na normativa sectorial específica; asemade, o enterramento pode ser realizado por establecementos que presten dito servizo a terceiras persoas, atendendo de igual modo, o establecido na normativa autonómica para esta previsión.

2. Calquera posuidor ou propietario dun animal doméstico morto poderá desprenderse del a través do servizo municipal correspondente, quen procederá á súa recollida, transporte e eliminación mediante cremación.

3. Para poder acceder a este servizo, o propietario ou posuidor do animal deberá realizar unha solicitude ao Concello de Arteixo, no modelo de instancia ou formulario que se habilite para tal fin. Pola súa banda, o Concello emitirá informe con todos os datos e circunstancias relacionadas co servizo, incluíndo as taxas que deberá pagar o titular da solicitude.

4. O disposto no número anterior enténdese sen prexuízo das obrigacións que incumben a todo propietario ou posuidor de comunicar a baixa do animal e as causas da súa morte cando así o establezan outras Ordenanzas ou normativas.

5. Calquera cidadán poderá solicitar expresamente unha incineración separada do animal ou animais domésticos mortos que desexe, así como a entrega das cinzas. Estas operacións serán obxecto de pago da taxa fiscal correspondente.

Disposición dos residuos de animais domésticos mortos

1. Para a súa recollida, transporte ou eliminación, os cadáveres e restos de animais de compañía mortos deberán presentarse introducidos en bolsas de plástico resistentes, perfectamente pechadas, e de tamaño suficiente para cubrir a totalidade do animal. Cada animal deberá ir nunha bolsa independente.

2. O servizo municipal poderá rexeitar algún cadáver ou resto se estimase que é necesario adoptar determinadas medidas de prevención atendendo á causa da morte ou ao número de días transcorridos desde a morte.

Tratamento dos animais mortos abandonados

1. Deberá comunicarse ao Concello o achado dun animal morto na vía pública.

2. Os animais mortos abandonados e recolleitos pola Concello serán eliminados consonte a normativa, independentemente das accións que se leven a cabo para a identificación dos propietarios e/ou determinar as súas responsabilidades na comisión dalgunha infracción.

Sección VI. Residuos de construción e demolición de obras en xeral

Nesta sección regúlanse as condicións relativas á correcta xestión dos residuos de construción e demolición e obras en xeral.

Residuos procedentes de obras menores de construción e de reparación domiciliaria

1. Considéranse obras menores de construción e de reparación domiciliaria as de sinxela técnica e escasa entidade construtiva e económica.

Xestión dos residuos de obras menores

1. As persoas que desexen desprenderse de este tipo de residuos domésticos poden facer uso de:

c. Os puntos limpos, gratuitamente, nos horarios de atención ao público.

d. Mediante o servizo especial de recollida consonte as estipulacións establecidas nesta ordenanza..

Sección IV: Outros residuos non ordinarios

Residuos de poda e xardinería

1. Os residuos orgánicos derivados de operacións de roza de herbas, segas e podas só poderán depositarse nos colectores específicos situados en vía pública para esta fracción, sempre e cando non superen os 60 litros.

2. Se a cantidade xerada é superior aos 60 litros/diarios, os produtores ou posuidores destes residuos serán considerados como medianos produtores e deberán depositalos nun punto limpo ou dispoñer de colectores propios para uso exclusivo, previo pago da taxa fiscal correspondente. Neste último caso resultará de aplicación o sinalado no artigo 36 sobre normas de uso de colectores para medianos produtores.

3. Se a produción supera os 500 litros/diarios, os residuos deberán xestionarse por medio de xestores autorizados.

4. O servizo de xardinería municipal depositará os residuos desta actividade en colectores específicos destinados a tal fin situados nas inmediacións dos xardíns e parques. En ningún caso utilizarán os colectores de uso colectivo.

Pilas Usadas

1. As pilas usadas deberán segregarse do fluxo de residuos convencional e depositarse en:

a. Nos pequenos colectores destinados á recollida de pilas situados na rede de centros colaboradores do Concello para este fin.

b. Nos colectores específicos para este tipo de residuo de gran capacidade situados en vías públicas de intenso tránsito peonil, centros comerciais e, en xeral en lugares de masiva afluencia de público.

c. Nos puntos limpos

2. Calquera establecemento comercial de venda de artigos que impliquen o uso de pilas, institucións públicas, centros educativos, asociacións e similares poderán solicitar ao Concello a súa consideración como centros colaboradores.

3. O Concello subministrará gratuitamente os colectores axeitados, que serán recollidos, unha vez cheos, logo do aviso telefónico ao Concello.

Residuos de aparellos eléctricos e electrónicos

Os cidadáns que desexen desprenderse de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos deberán:

- a. Entregalos ao distribuidor no momento de compra dun novo
- b. Entregalos no punto limpo
- c. Depositálos nos colectores debidamente identificados a tal fin para cada categoría de residuo eléctrico e electrónico
- d. Solicitar o servizo especial de recollida.

Medicamentos

Os restos de medicamentos, os caducados e os seus envases deberán segregarse do fluxo de residuos convencional e depositarse en:

- a. Nos colectores especiais situados en farmacias denominados puntos SIGRE cuxa xestión é responsabilidade deste Sistema Integrado de Xestión.
- b. Nos puntos limpos

Aceites usados

1. Os aceites usados de cociña poderán depositarse en envases e recipientes pechados nos colectores situados nas vías públicas. Debe comprobarse, antes do depósito, que os envases ou recipientes estean ben cerrados e non teñan fugas.
2. Asemade, os aceites usados de cociña ou automoción poderán depositarse nos puntos limpos ata unha cantidade de 10 litros por persoa e día. Por encima desa cantidade deberán xestionarse a través de xestores autorizados.

Téxtiles

1. Caracterízanse dentro deste tipo de residuos domésticos ou urbanos as prendas de vestir de todo tipo, complementos, roupa do fogar -mantas, sabas, toallas, etc.- e calzado.
2. Estes residuos deberán segregarse do fluxo de residuos convencional e depositarse nos puntos limpos ou nos colectores situados nas vías públicas para tal fin.
3. Asemade, cabe a posibilidade de que os posuidores ou produtores deste tipo de residuos poidan canalizalos a través daquelas entidades sen ánimo de lucro que se dedican á recuperación da mesma para atender necesidades sociais.

Residuos sanitarios

1. Enténdese por actividades sanitarias produtoras de residuos sanitarios as desenvolvidas en clínicas, hospitais, consultas médicas, centros socio-sanitarios, laboratorios de análises clínicas, de investigación ou de saúde pública, centros de atención primaria e de planificación familiar, centros podolóxicos e calquera outra que teña relación coa saúde humana. Inclúense tamén as correspondentes a centros, servizos e establecementos veterinarios asistenciais e centros de investigación animal.
2. De conformidade coa clasificación destes residuos ao amparo da actual normativa autonómica, os residuos de CLASE I serán considerados a efectos da súa xestión como residuos ordinarios e deberán ser separados nas correspondentes fraccións de orgánico, inorgánico ou resto, papel-cartón e vidro para a súa recollida e posterior tratamento. En función do volume xerado, os seus produtores ou posuidores clasificaranse en pequenos, medianos ou grandes, sendo de aplicación para cada un deles as disposicións correspondentes establecidas nesta Ordenanza
3. Os residuos sanitarios pertencentes ás CLASES II, III e IV deberán ser directamente xestionados polos seus produtores ou posuidores a través dos correspondentes xestores autorizados.

Vehículos abandonados

1. Os vehículos abandonados que, de conformidade coa lexislación sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, adquiren a condición de residuo urbano, xestionaranse polo Concello de conformidade coa normativa relativa á xestión de vehículos fóra de uso.
2. Os propietarios de vehículos abandonados que adquiren a condición de residuo urbano deberán sufragar os custos derivados das operacións de limpeza da vía pública no seu caso, recollida, traslado ao Depósito Municipal e traslado ao centro autorizado de recepción e descontaminación correspondente, con independencia das sancións que correspondan.

Outras tipoloxías de residuos

O Concello, ben directamente ou ben a través de convenios de colaboración con asociacións ou Sistemas Integrados de Xestión, poderá impulsar a recollida específica doutras tipoloxías de residuos non ordinarios; para tal fin, poderá instalar colectores ou puntos de aportación e realizar as campañas informativas correspondentes.

TITULO III. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

CAPITULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

Responsabilidades

1. As accións ou omisións que contraveñan o establecido nesta ordenanza xerarán responsabilidades administrativas, sen prexuízo das civís ou penais que, se é o caso, puidesen esixirse.

2. As responsabilidades derivadas do incumprimento do disposto nesta ordenanza serán esixíbeis non só polos actos propios, senón tamén polos daqueles de quen se deba responder, consonte o disposto na lexislación vixente e nesta mesma ordenanza.

3. Cando existan varios responsábeis e non sexa posíbel determinar o grao de participación de cada un deles na comisión da infracción, a responsabilidade esixírase solidariamente.

4. Cando os danos causados se produzan por acumulación de actividades debidas as diferentes persoas, poderá imputarse individualmente esta responsabilidade e os seus efectos económicos sempre que sexa posíbel coñecer o grao de implicación de cada unha.

5. Cando se trate de obrigas de carácter colectivo, tales como a limpeza, mantemento e conservación de zonas comúns, a responsabilidade esixírase á correspondente comunidade de propietarios ou aos habitantes do inmóbel se esta non estivese constituída.

Inspeccións

1. Corresponde ao Concello, a través do Servizo de Inspección Municipal, da Policía Local e do Servizo de Vixilancia Ambiental a vixilancia para o cumprimento do disposto nesta ordenanza.

2. Os cidadáns están obrigados a prestar toda a colaboración aos exames, controis, tomas de mostras, recollida de información, pescudas ou investigacións realizadas polos inspectores ou vixilantes, co fin de permitir a recollida de información necesaria para o cumprimento das súas funcións.

Denuncias

1. Calquera persoa poderá formular denuncias ou queixas por condutas que poidan contravir o disposto nesta ordenanza.

2. Nas denuncias que se formulen deberá constar un relato dos feitos que puidesen constituír infracción, con expresión de lugar, data e hora, así como a identidade do denunciado, se fose posíbel, o nome do denunciante, o seu documento de identidade e un número de teléfono de contacto para posibilitar o labor do Servizo de Inspección.

3. As denuncias que formule o Servizo de Inspección estenderanse no correspondente boletín de denuncia ou acta de inspección, por triplicado, e entregárase un exemplar ao denunciado, se fose posible. A sinatura da acta por parte do denunciado non implicará, en ningún caso, conformidade cos feitos documentados nela.

4. As actas de inspección reunirán os requisitos establecidos na lexislación correspondente e gozarán de presunción de certeza para os efectos probatorios.

Réxime sancionador

1. As infraccións contra esta ordenanza municipal serán sancionadas, logo da instrución do correspondente expediente, consonte os principios e procedementos regulado na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Obrigas da restauración, multas coercitivas e execución subsidiaria

1. Sen prexuízo da sanción que corresponda, os infractores estarán obrigados á reposición ou restauración da realidade física alterada, na forma e condicións que determine o órgano que impuxo a sanción.

2. A existencia destas medidas reparadoras ou restauradoras, que inclúen as posíbeis indemnizacións por danos e perdas, poderán facerse no propio procedemento sancionador ou, se é o caso, noutro complementario.

3. Se os infractores non procedesen á reposición ou á restauración na forma e prazos sinalados no requirimento competente, poderase acordar a imposición de multas coercitivas reiterables consonte o artigo 141 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

4. Así mesmo, nestes casos, e para os supostos de incumprimento dos requirimentos relativos á obriga de realizar obras ou outras operacións de limpeza, mantemento, conservación, ou xestión de residuos, o órgano competente para sancionar poderá acordar a execución subsidiaria por conta do infractor.

5. Será potestade dos servizos municipais a retirada, sen previo aviso, de todo obxecto ou material abandonado cando a súa persistencia dificulte o paso, a circulación ou sexa causa de afección grave ao medio ambiente, á limpeza ou ao estado da vía pública, ao funcionamento de servizos públicos ou actividades autorizadas e, en xeral, á saúde e seguridade de persoas ou dos bens públicos. Os gastos que ocasione tal retirada, traslado ou depósito correrán por conta dos que resulten acreditados como os seus propietarios ou posuidores.

Traballos en beneficio da comunidade

1. En función das circunstancias de cada caso, por medio dun procedemento adicional de execución, o infractor sancionado ou o seu representante legal e o órgano sancionador poden convir de mutuo acordo que, tanto as sancións económicas, como a esixencia do importe dos danos e perdas causados, sexan substituídos por traballos en beneficio da comunidade. Estes traballos serán fixados mediante resolución motivada, con expresión da súa duración e condicións.

2. Este procedemento adicional de execución será especialmente aplicable ás accións ou omisións constitutivas de actos vandálicos tales como substraer, incendiar, romper, ou pintar o mobiliario ou os equipamentos urbanos destinados á xestión de residuos.

CAPITULO II: TIPIFICACIÓN DE INFRACCIÓNS

Infraccións

1. Sen prexuízo das condutas tipificadas como infraccións na lexislación xeral sobre residuos e outra normativa sectorial directamente aplicable, constitúen infraccións contra esta ordenanza os actos ou omisións que contraveñan no que nela está establecido.

2. As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves segundo o disposto nos artigos seguintes. No suposto de infracción expresamente sinaladas como leves salvo que, pola súa entidade, merezan a consideración de graves ou moi graves, os criterios para a súa clasificación estarán en función da intensidade:

- da perturbación ocasionada na tranquilidade ou no pacífico exercicio de actividades por outras persoas;
- da perturbación causada á salubridade ou ao ornato públicos;
- da perturbación ocasionada no uso dun servizo ou espazo público por parte das persoas con dereito a utilizalos;
- da perturbación ocasionada no normal funcionamento dos servizos públicos;
- dos danos ocasionados aos equipamentos, infraestruturas, instalacións ou elementos afectos a servizo público dun espazo público.

Infraccións leves

1. Considéranse infraccións leves todas aquelas condutas que non están tipificadas nesta ordenanza como graves ou moi graves.

a. Depositar, abandonar, verter ou eliminar de forma incontrolada calquera tipo de residuo doméstico ou urbano na vía pública, en lugares de baño, marxes dos ríos, calzadas ou camiños e soares públicos ou privados, cando esta acción, pola súa entidade ou volume, non mereza a cualificación de grave ou moi grave.

b. A realización de actos que ocasionen desfeitas ou danos ao mobiliario ou equipamento urbano destinado á xestión de residuos.

c. Incumprir o establecido no artigo 17.2 en canto ás condicións de almacenamento de residuos domésticos ou urbanos.

d. Realizar calquera das condutas prohibidas no artigo 19, agás das establecidas no punto 19.5, que se considerarán graves.

e. Incumprir as obrigas de mantemento dos recintos para a situación de colectores nas debidas condicións de limpeza, seguridade, funcionalidade e ornato, salvo que este incumprimento, pola súa entidade, mereza a cualificación de grave ou moi grave.

- f. Incumplir as obrigas sinaladas nos artigos 31 (presentación dos residuos ordinarios), 32.1 (normas de utilización dos colectores), 33 (horarios) e 36 (normas de utilización de contedores para medianos e grandes produtores).
- g. Non respectar as normas do depósito, frecuencias e horarios establecidos para as recollidas porta a porta.
- h. Depositar residuos voluminosos na vía pública sen a previa confirmación municipal ou que incumpran o acordado no concertación do servizo especial de recollida.
- i. Incumplir as obrigas relativas á disposición dos cadáveres dos animais domésticos mortos.
- j. Depositar entullos en colectores de uso colectivo ou de uso exclusivo ou particular.
- k. Depositar restos de podas en colectores de uso colectivo ou de uso exclusivo ou particular por enriba das cantidades máximas sinaladas.
- l. Incumplir as normas establecidas para o uso das zonas de compostaxe comunitaria, sempre e cando non comprometa ou impida o funcionamento normal da mesma.
- m. A comisión dalgunha das infraccións tipificadas nos dous artigos seguintes, cando pola súa escasa contía ou entidade, non mereza a cualificación de grave ou moi grave.

Infraccións graves

Terán a consideración de infracción graves as seguintes condutas:

- a. Depositar, abandonar, verter ou eliminar de forma incontrolada calquera tipo de residuo doméstico ou urbano na vía pública, en lugares de baño, marxes dos ríos, calzadas ou camiños e soares públicos ou privados, sempre e cando non se poña en perigo a saúde das persoas ou non se produza un dano ou deterioro grave ao medio ambiente.
- b. A obstrución á actividade de vixilancia, inspección e control do Concello, así como o incumprimento das obrigacións de colaboración previstas na Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.
- c. A mala fe na entrega dos residuos ou a falta de información sobre as características dos residuos entregados.
- d. Mover ou desprazar, sen autorización, elementos de mobiliario urbano situados na vía pública dedicados aos servizos de recollida de residuos ou de limpeza viaria como consecuencia da realización de obras nas súas proximidades.
- e. Realizar actos vandálicos tales como subtraer, incendiar, romper, ou pintar mobiliario ou equipamentos urbanos destinados á xestión de residuos ou á limpeza viaria, de forma que quede inservíbel para o seu uso ou cando o custo da reparación sexa superior en máis dun 30% ao seu valor de mercado.
- f. A obstrución ao exercicio da actividade inspectora ou de vixilancia.
- g. Non facilitar aos servizos municipais información sobre a orixe, cantidade ou características dos residuos que poidan ocasionar problemas na súa xestión, así como proporcionar datos falsos.
- h. A reincidencia, pola comisión no termo dun ano, de infraccións leves da mesma natureza.
- i. Entregar residuos municipais a terceiros non autorizados ou non inscritos no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Galicia.
- j. O incumprimento por parte do promotor das obras do establecido no artigo 29.1 e 29.3 desta ordenanza.
- k. Incumplir as obrigas de mantemento dos recintos para a situación de colectores de uso exclusivo nas debidas condicións de limpeza, seguridade, funcionalidade e ornato, cando disto se derive risco ou perigo para a seguridade ou a saúde das persoas ou deterioro grave do medio ambiente.
- l. Depositar voluminosos na vía pública con ou sen previa confirmación municipal que poidan en poñer en dificultade ou perigo aos viandantes ou tráfico rodado.
- m. Realizar calquera das condutas sinaladas no artigo 19.5 (animais domésticos mortos).
- n. Depositar residuos sanitarios da clase II en colectores para a súa recollida polo servizo municipal.
- o. Utilizar os puntos limpos para residuos non domésticos ou urbanos
- p. Abandonar vehículos nos espazos públicos con incumprimento das condicións recollidas nesta ordenanza.
- q. Incumplir as normas establecidas para o uso das zonas de compostaxe comunitaria, cando quede comprometa ou impida o funcionamento normal da mesma.
- r. A comisión dalgunha das infraccións sinaladas como moi graves cando pola súa escasa contía ou entidade non mereza esta cualificación de moi grave.

Infraccións moi graves

Terán a consideración de infraccións moi graves as seguintes:

- a. Depositar, abandonar, verter ou eliminar de forma incontrolada calquera tipo de residuo doméstico ou urbano na vía pública, en lugares de baño, marxes dos ríos, calzadas ou camiños e soares públicos ou privados, cando se poña en perigo a saúde das persoas ou se produza un dano ou deterioro grave ao medio ambiente.
- b. A reincidencia, no termo dun ano, na comisión dunha infracción grave da mesma natureza.
- c. Non facilitar aos servizos municipais información sobre a orixe, cantidade ou características dos residuos que poidan producir riscos para a saúde ou a seguridade das persoas ou bens municipais.
- d. Depositar residuos das clases III e IV en colectores para a súa recollida polo servizo municipal.

Prescrición das infraccións

1. As infraccións leves prescribirán ao ano, as graves aos tres anos e as moi graves aos cinco anos.
2. O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse desde o día en que a infracción se houberse cometido.
3. Nos supostos de infraccións continuadas, o prazo de prescrición comezará a contar desde o momento da finalización da actividade ou do último acto co que a infracción se consuma. No caso de que os feitos ou actividades constitutivos de infracción fosen descoñecidos por carecer de signos externos, devandito prazo computarase desde que estes se manifésten.
4. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, renovándose o prazo de prescrición se o expediente sancionador estivese paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao presunto responsable.

CAPITULO III: SANCÍONS

Sancións leves

As infraccións tipificadas no artigo 71 sancionaranse conforme ao disposto no artigo 47.1.c) da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

Sancións graves

As infraccións tipificadas no artigo 72 sancionaranse conforme ao disposto no artigo 47.1.b) da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

Sancións moi graves

As infraccións tipificadas no artigo 73 sancionaranse conforme ao disposto no artigo 47.1.a) da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

Prescrición das sancións

1. As sancións impostas pola comisión de infraccións leves prescribirán ao ano, as impostas por faltas graves aos tres anos e as impostas por faltas moi graves aos cinco anos.
2. O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción.
3. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, volvendo a transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao infractor.

Gradación das sancións

As sancións imporanse atendendo aos seguintes criterios:

- A gravidade da infracción.
- O prexuízo causado.
- O beneficio obtido.
- A reiteración.
- As circunstancias do responsábel.
- A reincidencia, no termo dun ano, na comisión de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así fose declarada por resolución firme.
- A intencionalidade.

Na imposición da sanción terase en conta que, en todo caso, a comisión da infracción non resulte máis beneficiosa para o infractor que o cumprimento das normas infrinxidas.

Potestade sancionadora

De acordo co previsto na lexislación básica estatal e autonómica de aplicación, a potestade sancionadora na materia regulada nesta Ordenanza, no tocante aos residuos domésticos ou urbanos recae no Alcalde do Concello de Arteixo.

Pagamento das sancións

1. As sancións poderán facerse efectivas desde o primeiro momento de recepción do boletín de denuncia.
2. O aboamento do importe da multa implica o remate do procedemento unha vez concluído o prazo para formular alegacións sen que se presentaran, sen prexuízo da posibilidade de interpor os recursos correspondentes.

Publicidade

O órgano que exerza a potestade sancionadora poderá acordar a publicación no Boletín Oficial da Provincia, e a través dos medios de comunicación social que considere oportunos, das sancións impostas pola comisión de infraccións graves e moi graves.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Xustificación da xestión de residuos dos medianos e grandes produtores

Os medianos e grandes produtores que non se acollan ao servizo de recollida porta a porta ou non depositen os residuos considerados domésticos en colectores de uso exclusivo ou particular, deberán obrigatoriamente presentar no Concello de Arteixo xustificante da entrega dos mesmos a xestor autorizado.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

Protección da saúde e prevención de riscos laborais

A aplicación desta Ordenanza realizarase sen prexuízo das disposicións relativas á protección da saúde e á prevención de riscos laborais.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA

Plásticos agrícolas

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ten implantado o Programa de Recollida de Plástico Agrícola, co obxecto de darlle unha solución definitiva aos plásticos empregados nos silos ou nos invernadoiros cando chegan ao final da súa vida útil. O Concello de Arteixo, sensible con este problema, adheriuse a este programa co gallo de facilitarlle aos agricultores e gandeiros unha adecuada eliminación destes residuos.

Para tal fin, o Concello habilitará o punto limpo ou outra instalación que previamente se determine para que os produtores deste tipo de residuo o poidan depositar adecuadamente; os residuos acumulados deben ser exclusivamente plásticos agrícolas e estes deben estar o máis limpos posibles e atados ou pregados de tal xeito que faciliten a súa manipulación. Finalmente, o Concello entregará este residuo ao xestor que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas designe.

DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA

Competencia

A Alcaldía-Presidencia, no exercicio das súas competencias poderá interpretar, aclarar e desenvolver os preceptos establecidos na da presente Ordenanza.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA

Rexistro de xestores e inscrición

No prazo máximo de seis meses contados a partir da publicación desta Ordenanza, constituirase no Concello o Rexistro de Xestores de Residuos Municipais.

Nese mesmo prazo, todas as persoas físicas ou xurídicas que realicen actividades de xestión de residuos no termo municipal deberán solicitar a inscrición consonte aos preceptos desta ordenanza.

DISPONSICIÓNS TRANSITORIA SEGUNDA

Procedementos iniciados antes da entrada en vigor

Aos procedementos iniciados antes da entrada en vigor da presente norma seralles de aplicación a normativa vixente no momento do seu inicio. No caso de non estaren rematados, seralles, non obstante, de aplicación, o réxime sancionador que resulte máis favorable ao interesado.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA

Quedan derogadas cantas disposicións municipais contradigan o disposto nesta ordenanza e, en particular, os artigos 20, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 28, 29 e 30 da Ordenanza municipal de policía, bo goberno e medidas para fomentar e garantir a convivencia cidadá no espazo público do Concello de Arteixo.

DISPOSICIÓN FINAL

Entrada en vigor

Esta Ordenanza entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2018(1), consonte ao procedemento establecido no artigo 49 e seguintes da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

(1) No seu caso, a data de entrada en vigor será aquela na que o Concello de Arteixo comece a xestionar de forma directa e individual o servizo da xestión de residuos, supeditada esta ao proceso que se está tramitando para a separación efectiva deste Concello do Consorcio as Mariñas."

En Arteixo, 28 de Marzo do ano 2018

O ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo.: CARLOS CALVELO MARTÍNEZ

2018/2530